


AUNIOS

Nº 0

MARZO 1999

Asociación Cultural - Gastronómica

Pineiróns



Saída do Presidente



Laureano Mayán Taboada particular, variada e enalzada...

*A*proveito esta oportunidade para agradecer, moi sinceramente, a colaboración que, determinadas persoas, organismos, entidades e firmas comerciais, nos dispensaron. Moitas gracias. Moitas gracias, tamén, a aqueles que co seu ánimo, as súas suxerencias e consellos nos contaxiaron de optimismo.

Moitas gracias ós compañeiros de Xunta Directiva e Socios, pola súa dedicación, polo seu esforzo, o seu cariño e a súa inestimable axuda.

Gracias, porque elo fixo posible a publicación desta Revista.

Temos moitas ideas, moitas ilusións e na nosa vontade e traballo está o levalas a cabo.

Intentaremos facer recordar a uns e mostrar a outros, as excelencias da nosa Terra en xeral, das nosas incomparables Rías e o seu entorno en particular, e de xeito especialísimo, a nosa querida Illa de Ons.

A súa historia, chea de páxinas imborrables. As súas xentes, abertas e agarimosas. A súa gastronomía, tan

A esta primeira publicación seguirán outras e temos a esperanza de que estas páxinas, co tempo, sexan lidas en calquera recuncho da nosa xeografía.

Facéndome portavoz do sentir de tódos os que compoñemos esta Asociación, ofrecemos o noso incondicional apoio a aqueles Organismos, Sociedades, Centros de Ensinanza, Asociacións, etc. que soliciten a nosa colaboración.

Por último, dicir que agradezo, particularmente, as mostras de afecto e amizade por parte dos meus compañeiros desta Asociación que me honro de presidir.

PineirÓns: Nome que provén da mestura de Pineira (Molusco gasterópodo de fermoso nacarado que se da nas nosas augas. Coñecido cientificamente coma *Haliotis tuberculata*) e Ons illa atlántica que defende a Ría de Pontevedra.

AUNIOS: Nome co que Plinio denominou a unha das Illas Cassitérides ou illas do estaño e que se identifica coas Illas de Ons.

Coordina

Celestino Pardellas de Blas

Colaboran

Fernando Alonso Romero

Julio Santos Pena

Miguel Besada Costa

Miguel Besada Fernández

Ricardo Arnaiz Ibarrondo

Xulio Pardellas de Blas

EV. Calo

Directiva e Socios de

"PineirÓns"

Traductor e corrector lingüístico

Anxo López Vergara

Depos. Legal: PO/118-99

Asociación Cultural- Gastronómica

"PineirÓns"

Rúa Conchases 39-2º Esq 36980 - O Grove

SUMARIO

- 1 Saída do Presidente
- 2 Asociación PineirÓns
- 3 Fins, Proxectos e Agradecementos
- 4-5 Ons, O meu Paraíso de Onte (I)
- 6 Recanto Literario
- 7 Entrante Gastronómico
- 8-9 O Tránsito da Illa de Ons
- 10 Pesca e Sociedade na Ría de Pontevedra (I)
- 11 Ons: Un Sentimento
- 12-13 Os Sartegos das Illas Tambo, Ons e Cíes
- 14 Debuxo da Lanzada
- 15 A Lanzada
- 16 Do Porto e a Ría de Vigo (I)
- 17-18 A Pineira, ¿ Un Recurso emerxente ?
- 19-20 O Costume de "Varea-las Dornas" na Illa de Ons

Cafetería

Castelao

Rúa Castelao, 5 - Teléf.: 986 843 361 - PONTEVEDRA

EFECTOS NAVALES



Jesus Betanzos, S.L.

Avda. Eduardo Cabello, 45

Teléf.: 986 232 212 - Fax. 986 208 295

36208 Bouzas - VIGO

Redacción



A principio dos anos setenta, comencan a chegar á Illa de Ons un grupo de persoas que coa teima de coñecer, examinar e estudar unha Comunidade que, co paso dos anos e polo illamento que sufrira, ofrecía unha características difíciles de atopar noutros lugares de Galicia.

Na súa maioría, eran xoves estudantes universitarios que van a enche-lo exiguo ambiente turístico illán existente, dunha mestura de relacións de amizade, investigación e ocio.

Algún dos membros da hoxe directiva de **Pineiróns**, tiveron a sorte de coincidir e mesmo participar

naquelas datas en moitas reunións e pescudas realizadas, e, inda que só como meros oíntes, foi o suficiente para que, engaiolados por esta Comunidade única, seguiran traballando posteriormente como afeccionados, no estudio das singulares peculiaridades socio - histórico - etnográficas que ofrecía a Illa de Ons.

A medida que pasaron os anos, o que comezou sendo un entretemento foi virando cara a un meticuloso estudio de cada unha das características e nese camiño fóronse atopando con outras persoas que, seducidos por esta incomparable Illa, tamén estaban traballando sobre ela.

Foi así como, despois de anos traballando por separado, decidimos reunirnos, coñecernos mellor, examinar e debate-los puntos comúns que tiñamos e así busca-lo xeito de uni-las nosas teimas particulares, nunha angueira común. O día sete de Xuño de 1.998 decidimos constituír unha Asociación Cultural e Gastronómica que denominamos "**Pineiróns**".

Presidente:

Laureano Mayán Taboada

Vicepresidente

Lino J. Pazos Pérez

Secretario:

Celestino Pardellas de Blas

Tesoureiro:


José López - Dóriga Aymerich

Vocal 1.º

Carlos Moreira García

Vocal 2.º

Antonia M.ª Pedrosa Taboada



Pianíssimo Bar

LUIS TABOADA 12 VIGO - TELÉF.: 986 229 662

A afección ó mar e ás actividades mariñas, entre as que destaca a Malacoloxía (estudio e clasificación das cunchas mariñas), da maioría dos socios fundadores, foi o que levou a escoller como base do logotipo da Asociación, un molusco, coñecido en Ons como Pineira (*Haliotis tuberculata* - Orella de Mar), que agarima e protexe no seu interior á Illa de Ons co seu Faro.

De aí o nome de **PineirÓns**: Pineira + Ons.

FINS DA ASOCIACIÓN

Xerais:

- ✓ Promoción da Cultura, Gastronomía e Deporte Galego.

Con respecto á Illa de Ons:

- ✓ Potencia-la cultura e gastronomía illán.
- ✓ Organizar todo tipo de actos tendentes a favorece-las características socio-histórico-culturais.

- ✓ Programar e realizar actividades que teñan como fin o coñecemento da cultura da Illa de Ons entre os nenos e xoves.

✓

Con relación coa Ruta Xacobeia Marítima:

- ✓ Realizar actividades para a difusión e promoción da Ruta Xacobeia Marítima.

- ✓ Promover actividades para dar a coñecer máis profundamente a actual Ruta

Marítima, coa posibilidade da súa ampliación cara ás illas Cíes e Ons.

✓

Cara a Xuventude:

- ✓ Programar actividades tendentes ó desenrolo cultural de nenos e xoves.

- ✓ Colaboración con outras Asociacións e Organismos na organización e desenrolo de actividades culturais dirixidas á xuventude.

✓

Ecolóxicos e Medio Ambientais:

- ✓ Organizar actividades tendentes a dar a coñecer e protexe-lo Medio Ambiente Natural.

- ✓ Participar e organizar actividades que teñan como fin a Educación Medio Ambiental.

- ✓ Colaborar con Organismos, Asociacións, ..na defensa, protección e mantemento do

Medio Ambiente.

PROXECTOS PARA 1.999

- a.) Realización dunha Revista Cultural.
- b.) Elaboración de Xogos Didácticos.
- c.) Concurso Literario sobre a Illa de Ons e Ría de Pontevedra dirixida a escolares do Municipio de Bueu.
- d.) Exposición Fotográfica sobre a Illa de Ons e Ría de Pontevedra.
- e.) Charlas, conferencias e proxeccións dirixidas ós nenos e xoves dos Campamentos de Ons.
- f.) Organización de Excursións:
 - Ruta Xacobeia Marítima dende Cíes.
 - Ruta Marítima das Illas Atlánticas.
 - Viaxe organizados á Ons.
 - Por toda a xeografía galega.
- g.) Exaltación da gastronomía da Illa de Ons.

AGRADECEMENTO ÁS FIRMAS COMERCIAIS

A XUNTA DIRECTIVA QUERE EXPRESA-LO SEU AGRADECEMENTO ÁS FIRMAS COMERCIAIS QUE PATROCINARON COA SÚA PUBLICIDADE ESTA REVISTA CULTURAL.

PODE QUE TEÑA UNHA MÍNIMA REPERCUSIÓN COMERCIAL, PERO DEMOSTRARÓN, Ó CARÓN DA SÚA PROFESIONALIDADE, DO BO SERVICIO QUE OFRECEN E DA EXCELENTE CALIDADE DOS SEUS PRODUCTOS, UNHA ALTA SENSIBILIDADE Ó APOSTAR POLA CULTURA APOIANDO ESTA PUBLICACIÓN.


É DE SALIENTAR AS AXUDAS COMERCIAIS A ESTAS INICIATIVAS, XA QUE EVIDENCIAN O INTERESE DOS NÓS INDUSTRIAIS CARA Ó DESENROLO CULTURAL E SOCIAL DA COMUNIDADE.



DESDE 1.908

C./ Porteliña, 15
San Salvador de Poio

Teléf.: 986 872 946
(Pontevedra)



Manuel Ferradás

☎ 986 320 953 (Oficina)


☎ 608 087 181 (Móvil)

CABALO, 76

BELUSO - BUEU -(PONTEVEDRA)

Ons, o meu paraíso de onte (1)

Por Julio Santos Pena



Julio Santos Pena

Teño que recoñecer que, para mín, falar da Illa de Ons é despertar no corazón un sentimento especial, coma se fose volver atrás, a aqueles anos da miña vida que adoito a cualificar como os mellores porque na Illa vivín case tres anos mesturado coas súas xentes, o seu

arrecendo a mar e sorbendo a espuma de aquelas ondas que rompían desafortunadas calquera día de inverno sobre as súas rochas limpas. Ons foi o berce da miña primeira filla e a miña primeira experiencia docente ó fronte da súa Escola Unitaria de nenos que despois convertín en mixta de acordo coa compañeira que atendía ás nenas que tamén fixo que a súa o fora, compaxinando ambos as idades dos e das alumnas, aínda distantes os tempos, a comezo dos setenta, das novas disposicións e leis de Educación que todo o transformaron...

Lembrar Ons é volver a aquela sensación que tiveron un domingo de outubro, cun deses soles de outono que son capaces de esmagar. Cando chegamos no barco de Pancho sobre as dez da mañá despois dunha noite de trasfego para desmontar os mobles da miña casa, subilos ó camión dun amigo que non tiña persoal, chegar con eles ó porto de Bueu e embarcalos no "Azor" que se atopaba, marea ó límite do seu máis baixo nivel, no fondo do mar (case nunca mellor dito). Era domingo, como dixeron, e os rudos homes, feitos do mar e do sol da Illa, xogaban nas tabernas de Checho e de Acuña de xeito ruidoso, batendo cada quen máis e berrando aquilo de "truco", para que outro posto fronte a el descargase un golpe aínda maior sobre a mesa sen soltar un naipe retorcido, dicindo cos ollos acendidos pola victoria, "retruco", mentres outros facían corro o seu arredor e nenos e nenas permanecían no interior da taberna absortos tamén na múltiple escena.

Ni me miraron cando dixeron aquilo de ¡Bos días! cunha certa timidez que se agrandou ó sentirme ignorado pese á presenza e, incluso, logo de ter estado

alí o día anterior para anunciar ó pedáneo, Checho, a miña chegada cargado de mobles e pedíndolle a Elvira, a súa dona, que me buscara a alguén para axudarnos na descarga. Intentei facerme ver; a miña dona ó lado... todo foi inútil. A timidez fíxose medo porque desde a taberna de Checho vía con claridade como o Azor se balanceaba atracado ó peirao da Illa, cargado con toda a nosa vida.

Só un neno, Pín, que desde o día anterior, cando fomos a inspeccionar o terreo, no que se decatou que estaba alí "o Maestro", non se separou de nós en toda a tarde e contounos mil cousas iluminándonos cos seus grandes ollos azuis cargados de mar, cumpriu a súa palabra de esperarnos aquela mañá de domingo que se me antollaba xa insupportable.

Voltamos ó pequeno espigón con cadanseu nó na gorxa. Non sabíamos que facer porque estábamos impotentes ante a situación. O Azor seguía no seu balanceo ata os toques de mobles, paquetes, cortinas... toda a nosa vida que era pouca por entón pero ninguén sabe o que encerra na súa casa ata que ten que facer unha mudanza. Sentámonos sobre unhas caixas que estaban moi preto do barco. "Truco"... "Retruco", escoitabamos desde o pequeno porto as voces dos xogadores que seguían impertérritos, alleos ou non, a nosa preocupación. Confeso que naqueles intres sentín a primeira decepción da miña vida e recordei a alguén que, desde que soubo que nos íamos á escola de Ons comentou, coma quen non quere a cousa, algo así como "¡ónde vós ides meter!".

Pasara unha hora e puxémonos á tarefa. Entre os dous e animados, máis que axudados, polo pequeno Pin comezamos a desembarcar as nosas pertenzas. Non sabíamos como ía a rematar aquilo pero tampouco tiñamos outra alternativa.


... E ocorreu o milagre.

Eu sempre coidei que aquelas cousas pasaban só nas películas. De súpeto escoitamos un tropel.

Café - Bar
CASA DEL MAR



Montero Ríos, n.º 18 - Teléfono 986 321 966 - BUEU



Calara a taberna. Un numeroso grupo de persoas, case todos homes, baixaban a costa enfiando o peirao. A penas falaron. A caso non lles facía gracia a nosa presenza, que volvese alí outro Mestre despois do ocorrido. En pouco máis de dez minutos o Azor quedou completamente baleiro e os nosos paquetes, mobles, cortinas... espallados sobre o peirao. Entre o grupo estaba Andrés, o cura, que cada domingo e non sempre desprazábase á Illa para oficiar as súas Misas. Non nos coñeciamos pero de seguida me din conta que fora o artífice do milagre. Pin, o pequeno dos ollos de mar, miroume, abriu o seu amplo sorriso e díxome: ¡E... viñeron!.

O grupo desapareceu igual que veu. Algúns, os menos, cargaron paquetes e os depositaron na porta do que sería a nosa casa. Ninguén regresou e no peirao quedou o resto. Andrés achegouse e díxome: Non te preocupes, pola tarde, despois da Misa axudaranvos as mulleres. E así foi. Antes de que anoitecera todo quedou dentro da vivenda. O pequeno Pin seguía ó noso lado.



O "AZOR" Antigo Barco de Pasaxeiros á Illa de Ons

-¿Que hora é?, preguntoume nun momento. "Son as seis" - díxenlle - e quedei pasmado cando o rapaz mirou cara arriba e me espetou: "Pois ... o sol non di iso". Entón empecei a comprender que alí, en Ons, todo era distinto. Aínda.

Aquel día comezou unha longa travesía na que aprendemos dos illáns e ensinamos o que puidemos. Funme enterando de cousas; empapeime nos costumes do lugar; atopando cariño, ofrecendo amizade.

A Illa quedou impresa na miña alma para sempre e teño gravadas nela imaxes de xentes coas que compartín tardes de soidade; coas que recei polos seus mortos; coas que sufrín a preocupación de enfermidades dos seus no desamparo administrativo do que eran verdadeiras vítimas; coas que me alegrei nas súas xornadas de felicidade; coas que coñecín tamén a alma dun colectivo singular.

Mil anécdotas pululan pola miña memoria de aqueles tres anos. Conversas cos vellos do lugar "Cambados", "Pichote", "Manolo (O Pequeno)", "Gabriel (o enterrador)", "Checho", "Señora Lola (a súa sogra)", "Candiño", "Edelmiro", "Quiano"... e outros moitos personaxes de todas as idades, algúns deles desaparecidos xa, que me transmitiron, acaso sen decatarse delo, o saber vivir e a filosofía dun pobo que non tiña moi claro nin o seu remoto orixe, nin o seu inmediato futuro.

Mil anécdotas que, se me deixades, contareivos outro día.

RESTAURANTE

"O QUE FALTABA"

Especialidad en Caldeiradas - Pulpo - Marisco

Curro - ISLA DE ONS - BUEU

SU CARNET DE CONDUCIR EN

AUTOESCUELA

SANXENXO

"ONS"

Poesía



EV. Calo

Velaí van unha escolma de versos do Poeta EV. CALO. Pertecen ó libro de poemas **“TESTEMUÑOS”**.

Á miña beira unha moza
a raíña do cantar
biqueína e bicoume ela
díganno as ondas do mar.

Ceibe funche eu á Pobra
preso tornei ó fogar
namoroume unha morocha
non me podó olvidar.

¡Ai morocha reiseñora!
¡Sirea do meu rimar!
¿Onde están os teus ollíños?
¿Onde está o teu luar?

(¡Ai Morocha Reiseñora!)

¿Que terá a túa Ría
a túa paisaxe que terá,
que terán as túas xentes
¡Vilagarcía “Miña Terra”!
¡Vilagarcía “Noiva do Mar”!
¿Que terás “Miña Naiciña”!
que hoxe me fas chorar?

.....
.....
.....

(Adeus)

Marín
¡Terra belida!
Marín
¡Noiva do mar!,
ós teus fillos peregrinos
voulles eu hoxe cantar,
ós teus fillos navegantes
polas estradas do mar.

Entre Bueu e Portonovo
Combarro e Praceres
atópase de Marín a Ría
¡Querer dos meus quererres!

.....
.....
.....

Torna
torna mariñeiro
á túa Patria Galicia
que Marín no seu regazo
haste acoller con ledicia

Recorda que es de Marín
“non che hai terra coma ela”:
Recorda que tes por Nai
a máis garimosa do mundo
a máis fermosa da terra?

(Recorda que es de Marín)

Os que seguen corresponden ó libro de poemas
“FERVENZAS E DEVALOS”

De vagar
Un veo suxerente de brétema
érguese por ONS
¡Friaxe!
¡Friaxe no corpo!
¡Friexas na alma!

Xa se deita o Sol polo Castrove
¡Silandeiro!
¡Silandeiro!

Hora é
de atraca-la dorna amorosa
ó peirao
da fantasía
e soñar
tristuras
quimeras
perfidias

.....
.....
.....

Xa se deita o Sol polo Castrove
¡Silandeiro!
¡Silandeiro!

Hora é
de rimar a esgalla
de romántico
soñar:

Mogor
Marea baixa
Resaca
¡Xeme o mar!

“EV. CALO é o pseudónimo de Eduardo V. Castro López, poeta arousán hoxe exercendo de Mestre e Poeta, en Marín, a súa segunda Patria”.

Joyería

Rosant

ORO 1.ª LEY EL CENTRO DEL DIAMANTE

Distribución Oficial: **Festina ORO**

Rúa Real, 29 - Teléf.: 986 882 461 - 36900 MARÍN

JOYERÍA

ORO 1.ª LEY

Rosant

EL CENTRO DEL DIAMANTE

Distribuidor Oficial de: **FESTINA ORO**

Entrante Gastronómico

Por Laureano Mayán Taboada

De todos é sabido que a nosa terra é inmensamente rica en produtos gastronómicos, terrestres e mariños.


A súa calidade, frescura e sabor diferéncianos de outras zonas e son motivo de enalzamento polos máis esixentes padais.

A pureza dos seus campos proporcionan carnes (Tenreira, porco, coello, aves, ...) de inestimable calidade.

A limpeza das súas augas entréganos: Mariscos (Centola, nécora, camarón, vieira, cigala, ameixa, berberecho, ...), peixes (Linguado, rodaballo, rape, pescada, sardiña, xurelo, maragota, ...), Cefalópodos (polbo, lura, choco, ...), dos que a súa calidade é ponderada no mundo enteiro.


É, sen dúbida, nosa terra "PARAISO DA GASTRONOMÍA MÁIS NATURAL".

¿ Quen non coñece e desexa saborear, uns chinchos fritos ou unhas xoubas guisadas, unhas cariocas fritas ou un linguado á prancha, un rodaballo guisado, unha pescada á romana ou un rape á galega, unha raia con patacas, unhas sardiñas asadas con



cachelos ou un xurelo ó forno, un polbo á feira ou con patacas, unhas luras fritas, un arroz con choco; un chuletón de tenreira ou un cocido caseiro, unha perdiz guisada, un coello á cazadora ou unha empanada de vieiras ou de mexillóns, ..., en fin, unha amplísima gama de succulentos e apetitosos pratos que acompañados con caldos da categoría dun Albariño, Rosal, Condado, Pais, ..., das zonas do Barrantes, Salnés, Rosal, ..., constitúen un manxar ideal para o padal máis esixente.

En próximas edicións dedicaremos máis espacio a este apartado, dándolle a coñecer algunhas das populares receitas que existen sobre algunhas especialidades, que posúen unha fama que traspasou fronteiras.



Siempre surgen compromisos

Una Boda, un Bautizo, una Comunión o tal vez un Cumpleaños, un Homenaje, o quizás un detalle de amor

Veiguiña, 11
Teléf.: 986 882 089
36900 MARÍN (Pontevedra)

Joyería - Relojería
Arizaga



DISTRIBUIDOR DE RELOJES RACER



O trasgo da illa de Ons

Por Fernando Alonso Romero

Na primeira metade do século XX os etnógrafos galegos fixeron un enorme esforzo por recoller todo tipo de datos sobre a cultura material e espiritual do pobo galego. Gracias a eles podemos hoxe en día, ás portas do século XXI, saber como se vivía e se pensaba na Galicia marítima e rural de antano. Existía entón a crenza nun mundo paralelo ó dos seres humanos, no que habitaba unha ampla familia de personaxes fantásticos que convivían coas persoas axudándoas unhas veces nas súas tarefas domésticas, e outras, entorpecendo o causando infinidade de danos ós pobres mortais, que se vían precisados a recorrer a toda unha serie de elementos máxicos de protección para librarse da presenza das bruxas, demos, nubeiros, mecos, urcos, etc. que frecuentaban as súas vivendas case sempre con malas intencións. Un deses seres imaxinarios, que habitou tamén noutros países da área atlántica europea, foi o trasgo. Ata fai uns anos, soía ir de cando en vez pola Illa de Ons; en onde tamén causou bastantes problemas ós illáns, que por aqueles tempos non dispoñían de luz eléctrica, ni de máis medios que a relixión e uns amuletos de diversos tipos cos cales se defendían do mundo horrible das sombras. Pero, como dicía José Martí, *entre los sueños del hombre hay uno hermoso: suprimir la noche*. A xente de Ons coa súa ilusión e traballo cotián, foi capaz de facer realidade ese soño, sen esquecer a débeda coa historia dos seus devanceiros, e se preparou para o futuro e para enfrontarse con máis eficacia ós seres imaxinarios daniños. Alguns, lamentablemente, aínda conviven con todos nós. Cambiaron de personalidade, e xa non os chamamos polos seu nomes, senón que nos referimos a eles con termos médicos, políticos, económicos, ou sociais... Pero, no fondo as súas maldades seguen sendo as mesmas de sempre inda que agora, afortunadamente, sabemos mellor como combatelos.

O trasgo galego era un persoaixe que vivía nas fraguas, nas ferreirías, nas cortes e, sobre todo, nas cociñas das casas. Era pequeno, falangueiro e inqueda. Soía correr pola cociña e subindo e baixando pola cheminea. Case sempre ía vestido de colorado e cuberto cun gorro vermello ou unha monteira tamén de cor vermello. Os campesiños lle tiñan bastante manía e para non referirse a el polo seu nome, pois podería presentárselles de súpeto se así o fixeran, denominábano *el del gorro colorado*. Algúns dicían que coxeaba da perna dereita. Sen embargo, posuía algúns rasgos bondadosos e serviciais, a pesares das súas continuas travesuras e trasnadas; como a de esconder cousas, un dos seus entretamentos máis frecuentes. Se se amosaba respecto ou algunha condescendencia cara a el, soía volverse moi servicial; convertíase nun trasno doméstico que se preocupaba do benestar dos habitantes da casa. Tiña o seu equivalente no Kobold alemán, o Puck inglés e no Lutín bretón, que vivía coa familia e axudaba nas

súas tarefas domésticas, pero que se volvía terriblemente traveso e malévolo se alguén o insultaba o lle facía algún dano. En Escocia chamábanlle Brownie, e era un trasno doméstico que vivía nas granxas e que axudaba ós campesiños nas tarefas domésticas e nos traballos do campo. Soía traballar sempre polas noites. O seu aspecto físico era o dun velliño de pequena estatura e rostro bonachón, pero volvíase moi malévolo se os habitantes da casa se esquecían de deixarlle pola noite algunha cunca de leite, unha galleta ou un anaco de pan. Nalgunhas granxas do norte de Escocia os campesiños adoitaban tamén verter un pouco de leite nas *coviñas* ou cazolas de calquera rocha próxima; facían isto para que a bebera o Brownie que lles axudaba nas tarefas agrícolas (McNeill, F.M. 1.989, 129).

O trasgo podía transformarse e adoptar formas de animais, xeralmente domésticos ou de granxa. En Quintáns, na desembocadura do río Ulla, fronte a Catoira, contan que unha vella atopou unha vez un cordeiriño branco moi bonito. Como era inverno, á vella deulle mágoa e levouno para a súa casa. Alí o achegou ó lume da lareira para que se quentara, e entón o cordeiro berrou:

¡Jujurujú!...
case esta vella
me quenta o cu

E o cordeiro deu un brinco e saíu correndo. Era o Trasgo.

Este personaxe tamén podía converterse nunha tolvana, un violento remuíño de vento que deixaba todo patas arriba. Unha das súas trasnadas máis frecuentes consistía en lavar o traseiro no leite, cosa que, por certo, tamén se di que as bruxas eran moi afeccionadas a facer. Por iso, recomendábase que pola noite se deixara moi ben tapados todos os recipientes nos que houbera líquidos ou comida.

Para espantar o trasgo bastaba con facer o signo da Cruz o ter na casa auga bendita e salpicala polas habitacións. Álvaro das Casas recolleu na Illa de Ons (Pontevedra) en 1.934 a descrición do comportamento que tivo un illán cun trasgo: *Fuco Otero, sempre que chegaba a casa topaba na porta un trasno que tiña posto un pucho de moitas cores. Andando o tempo ao trasno diulle por entrar no casal e brincar no leito do señor Fuco. Unha noite andaba a pelexar co trasno, que non o deixaba durmir e na loita pillóulle o pucho. O trasno entón rompeu a chorar e axoellado pedíulle que lle devolvese o pucho.*



PANADERÍA - PASTELERÍA

AMADOR

LA GRAÑA
(Ctra. Bueu - Cangas)
Teléf.: 986 321 118
Despacho en Montero
Ríos, 101.
Teléf.: 986 323 120
Bueu

Doucho - asegurou o vello - si é que non me montas máis; noutro caso queimo-o. O Trasno xurou deixalo en paz, foille devolto o pucho e non apareceu máis co-as brincadeiras. (1934, 183).

Outro remedio para librarse do trasgo consistía en deixar pola noite grans de cereal nun recipiente. O trasgo, que todo o revolvíaa, tiraba o recipiente pero despois non podía recoller o gran porque dicían que tiña as mans furadas e que polos ocos caíaselle o gran. Como era moi tenaz, pasaba a noite intentándoo ata que chegaba o día e desaparecía. Así os da casa evitaban que o trasgo fixera outras trasnadas. Tamén dicían que era moi curioso e que se entretiña contando os grans de cereal para ver cantos había, pero a súa intelixencia era moi corta, só sabía contar ata dez. O que lle facía perder a conta e ter que comezar de novo. Así pasábaselle a noite ata que, cos primeiros raios do sol, escapaba pois tiñalle medo á luz do día. Os que tiñan visto dicían que era pequeno coma un anano.

Entre os probables orixes do trasgo apúntase a posibilidade de que fora unha deformación popular do concepto que tiñan os romanos dos lemures. Segundo eles, os lemures eran os espíritos malévolos dos mortos, que soían saír do seu mundo de ultratumba e visitar as casas dos seus antepasados. Para evitar que entrara na vivenda, o pai de familia celebraba un ritual chamado Lemuria na medianoite dos días 9, 11 e 13 de maio. Erguíase da cama e ía descalzo ata unha fonte, mantendo todo o tempo o puño pechado co xesto da figa, é dicir, co polgar entre entre os dedos, para espantar a eses malos espíritos. Despois lavavase as mans, poñíase de costas á fonte, e regresaba botando a súas costas unha presa de fabas negras mentres pronunciaba o seguinte conxuro: *Tiro estas habas y por ellas me rescato a mí y a los míos*. Repetíao nove veces sen darse a volta pois os lemures íanse entretendo en recoller as fabas. Finalmente volvía a lavar as mans e golpeaba un obxeto de bronce, mentres repetía nove veces: "Espíritus de mis antepasados, salid de aquí". (Contreras Valverde, 1992, 118). É moi probable que estes rituais perviviran na mentalidade popular, inda que moi alterados polo paso do tempo, dando lugar ó costume

de deixar os grans nun prato para entreter ó trasgo. Pero isto, naturalmente, é só unha suposición. Na parroquia de San Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga, Ourense) botábanse nove feixóns brancos na pía da auga bendita porque se cría que mentres os feixóns permaneceran alí, todas as bruxas que puidera haber na igrexa non podían saír a facer maldades (Risco, V. 1933, 32).

En Santander o Trasgu era un homiño de ollos verdes, que ía vestido de encarnado e que coxeaba da perna dereita. Entraba polas chemineas das casas e, unha vez dentro da vivenda; revolvíao todo, bebía o leite e andaba polas habitacións rindo ou lanzado laios que non deixaban durmir a ninguén. O trasgo que aparecía no norte de España era un ser mítico doméstico, moi semellante ós espíritos domésticos, que vemos no Centro e no Norte de Europa (Caro Baroja, J. 1984, 160, 168). O trasgu asturiano ía vestido de colorado e con un gorro da mesma cor. Era un ser diminuto e simpático. Entraba nas casas pola noite cando todos durmían e entretiñase facendo tarefas domésticas. Pero cando estaba de mal humor, revolvíaa todas as cousas, e andaba dando berros e laios. Tiña tamén como o galego, un buraco na man, por iso os campesiños empregaban procedementos parecidos para arredalo. O Kobold alemán parecíaselle moito (De Llano, 1977, 52, 54). Por conseguinte, pódese dicir que o Trasgo galego tiña moitos parentes repartidos por Europa; e é posible que inda quede algún vivo, porque estes seres imaxinarios son moi lonxevos; sobre todo cando se lles trata ben e se adaptan á vida doméstica e colaboran nas tarefas da casa. De maneira que, amigo lector, se sabe algo máis do que aquí conto sobre o trasgo de Ons, agradeceríalle moito que mo comunicara, pois sería unha mágoa que nos esquecérámos destas crenzas que tanto axudaron ós nosos antepasados a afrontarse cos problemas humanos, intentando con elas explicarse moitas incógnitas da vida para as que aínda seguimos sen ter resposta.



COLABORA:

CONCELLO DE BUEU



Pesca Sociedade na Ría de Pontevedra (I)

Por Xulio X. Pardellas de Blas

Desde comezos do Século XVI o Gremio de Mareantes de Pontevedra era un dos máis importantes de toda España, tanto pola súa actividade e número de membros, coma polos seus recursos económicos, derivados en lóxica da singular riqueza piscícola da ría e da xestión que levaban a cabo os mariñeiros.

Esta xestión, que non debe analizarse cos ollos actuais senón tentando de nos situar naquela época, está contida en gran parte nas denominadas Ordenanzas de Pesca, pero tamén nas Concordias, Avinças Provisións

(desgraciadamente hoxe non é así). En consecuencia, a aceptación social da necesidade de contar con normas que evitasen a sobrepesca e o posible esgotamento dos recursos do mar era absoluta, e arredor desa normativa xiraban igualmente gran número de comportamentos e hábitos sociais que en pouco ou nada tiñan que ver coa pesca, como eran por exemplo, as actividades agrícolas da beiramar, ou o réxime de transmisións patrimoniais onde eran as fillas as melloradas.

Con todo, eso non evitaba conflitos e preitos, moi pola contra, eran moeda común naquela época, unhas veces a causa de incumprimentos das normas, e outras veces orixinados polos numerosos privilexios existentes, que non facían máis que expresar unha incipiente loita de clases e intereses entre os que tiñan moito e os que a penas contaban co imprescindible para sobrevivir.

Compre recordar, como paradigma, os importantes privilexios do Arrabal (o porto da Moureira en Pontevedra), fronte ós restantes portos da Ría, ou da pesca do Cerco fronte ás demais artes. Este carácter de cartas de privilexio que os mareantes do resto dos portos da Ría consideraban lesivos contra os seus intereses, dado que o Cerco era monopolio exclusivo do Arrabal, foi causa de permanentes disputas e preitos que chegaban mesmo ata as máximas instancias administrativas do Estado, e probablemente tamén esa falta de solidariedade e unión entre tódolos portos e gremios de mareantes da Ría, acabou provocando a decadencia do Arrabal e en suma dos demais portos da Ría xa dende mediados do século XVIII.

PONTEVEDRA. La Moureira



e Sentencias, así como no conxunto de escritos que emanaron da interpretación das anteriores: atestados, dilixencias, alegacións, queixas, querelas e recursos, que constituen no seu conxunto un fresco extraordinario para coñecer, non só a actividade pesqueira, senón tamén as grandes liñas da actuación e máis do comportamento da época.

Podemos afirmar sen ningún xénero de dúbidas que a conservación dos recursos era unha preocupación fundamental de toda a sociedade costeira, coa lóxica elemental de quen é consciente de depender deles

Esta Revista é gratuíta, todas aquelas persoas que a queiran recibir, que se poñan en connosco. Só aboarán os gastos de envío.

Se algunha casa ou firma comercial quere contribuír á saída da seguinte Revista e con elo aporta-lo seu gran de area a favor da Cultura, que se poña en contacto connosco na dirección: A.C. Pineiróns. Conchases 39 - 2.º Esq. / 36980 / O Grove - Pontevedra.

Ons: Un Sentimento

Por María Jesús Otero Acuña
(Presidenta AA. VV. Illa de Ons)



María Jesús Otero

Falar de Ons non é só falar desa porción de terra que protexe á Ría de Pontevedra, é falar dun lugar singular, dunha cultura característica, dun colectivo traballador, dunhas peculiaridades propias e únicas, . . . , dun sentimento.

Sempre me considerei unha privilexiada polo feito de pertencer á última xeración que alí naceu, non xustamente por se-la última xa que parecería desolador, senón por te-la experiencia e a sorte de vivir alí e coñecer, aínda que só fose durante os anos da miña infancia, o xeito de vida dos meus veciños. Pero, se eu podo ter ese fondo sentimento, canto máis grande será o daqueles veciños que naceron e pasaron toda a súa vida ou gran parte dela na Illa. Isto é algo que se transmite e se herda.

Cando chegaron os primeiros poboadores do último poboamento, alá polo ano 1800, fixérono co fin



de gañaren o pan durante un tempo, pero aquela terra insólita, descoidada e abandonada acolleunos e egaiolounos, dándolles a cambio un mar rendible, unha produtividade nas súas colleitas e un xeito de vida diferente ó de terra. É a partires de entón cando naceu, perdurando ata hoxe, un sentimento exclusivo que pasou de pais a fillos e fixo que en Ons se consolidara unha poboación que chegou a ter máis de cincocentos habitantes.

Nin sequera nos peores momentos, cando non

se sabía cal sería o futuro dos veciños trala morte do Sr. Riobó, ninguén pensou en deixa-la súa casa e abandonalo todo; máis ben pola contra, foi o intre de sentirse máis fortes confiando no que o "señorito" dicía: "A Illa será para vós porque é vosa". Ese sentimento de pertenza que xa estaba desenrolando nos illeiros polo traballo, pola ilusión,...., e polo empeño que puxeron en elo, facíase máis patente de novo co apoio do Sr. Riobó, cando afirmaba "A terra é de quen a traballa e vós fixestes fértiles unhas terras ermas". Ons deu moito ós veciños porque eles a trataron con agarimo.

Pasaron tempos difíciles para programarse un futuro incerto que afondou no orgullo e estimulou unha unión que os mantivo coma unha piña nos intres máis duros. Xa nos últimos anos aconteceron uns serie de cambios administrativos que non trouxeron cambios; pasaron militares, logo colonizadores, despois agricultores e xa por último medio ambientais, cada un dos cales representou un papel diferente en cada tempo. Chegaban impoñéndose coma se a Illa fose un grao de poder na súa carreira, sen decatarse que, para nós, era algo máis, era unha parte nosa que nos deixaron os nosos devanceiros e que deixaremos nós ós nosos fillos. Esta parte non lle pertence a ningún cargo estatal nin autonómico, nin se encadra en ningunha escala xerárquica. A Illa de Ons foi o medio de vida dos nosos ancestros, é o dos nosos pais e será o dos nosos fillos e netos.

Estes cambios administrativos que só foron meras apariencias no sentimento da pertenza illeira, non fixeron máis que consolidar esa forza interna, individual e á vez colectiva, para facer unha Comunidade unida e compacta. Delo hai unha historia que o confirma, pero sobre todo, hai un grupo humano que está disposto a deixar moito de cada un por esa terra que nos pertence, a Illa de Ons.

Non quero rematar sen facer referencia a experiencia destes anos como representante veciñal, anos nos que, xunto os demais membros da Directiva, comprobamos que, canto máis adversas sexan as circunstancias e canto maior o afán dalgúns "técnicos" por afastarnos dela, maior é a loita e o noso empeño en pelexar por ela. Por iso digo, que Ons é moito máis que unha porción de terra, é algo que conecta e que penetra no corazón da xente: **é un sentimento.**

Os sartegos Antropomorfos das Illa de Tambo, Ons e Cies

Por Lino J. Pazos Pérez



Lino J. Pazos Pérez

A soidade das Illas foi aproveitada dende tempos remotos como lugar de reflexión e penitencia dos monxes que habitaban nos mosteiros próximos á beiramar. As nosas Illas non ían a ser menos.

Pouco a pouco nestes recunchos de terra embarcados no mar, comenzaron a fundarse cenobios que foron enchéndose de frades que ocupaban o seu tempo entre o traballo das terras e o aproveitamento dos recursos que lles

ofrecía a inmensa extensión de mar que os circundaba. O tempo restante dedicábano á meditación e a penitencia.

As rías de Pontevedra e Vigo viron naqueles tempos como se fundaban ata catro mosteiros noutras tantas Illas todos eles dependentes da Orde de San Bieito. No arquipélago das Cíes, fundáronse na Illa Do Faro, o mosteiro de San Estevo que inda se mantén en pé, e na de San Martiño o que lle deu nome á Illa, hoxe desaparecido. Na Illa de Ons non quedan vestixios da fundación monacal, inda que se cre saber a súa localización, e na Illa de Tambo, xa no interior da ría de Pontevedra (Marín), debido a súa



O sartego atópase na curota da Laxe do Crego, ó fondo a praia de Area dos Cans

especial situación (pertence na actualidade á Armada) non teño noticias do seu estado actual pero crónicas de séculos pasados recollen afirmacións de que o mosteiro xa estaba en ruínas.

Neste mosteiros illáns, desaparecidos cáseque na súa totalidade, permanecen hoxe en día, como mudas testemuñas dun pasado lonxano, mostras dos seus enterramentos ou lugares de penitencia, en forma de sartegos antropomorfos coa particularidade de que en tres das Illas aparecen escavados na rocha do solo illán.

O Padre Sarmiento recolle na súa "Viaxe a Galicia" a localización na ría de Pontevedra (Marín), máis concretamente na Illa de Tambo, dun sarcófago antropomorfo escavado na mesma rocha que conforma o solo illán e que sería utilizado, parece ser, no seu momento polos frades bieitos do mosteiro da Illa.

Foi preto da fonte de San Miguel (na Illa de Tambo) onde o Padre Sarmiento descubriu a peza en cuestión que describiu como. *"A poca distancia del convento al oriente hay un peñasco en el cual está socavado a pico un sepulcro de unas nueve cuartas de largo y el ancho correspondiente. A la cabecera tiene una como almohada de piedra hecha en el mismo peñasco. A los pies tiene un agujero taladrado como para despedir el agua llovediza"*.

Este tipo de sepulcro pode ser que se corresponda cos atopados nas próximas illas de Cíes no mosteiro de San Estevo, e

no Illote da Laxe do Crego, descrito por Álvaro das Casas no seu cumprido traballo sobre a Illa de Ons: *"Dos restos medioevás percebín un sartego antropeide, de perto de dós metros de longo, a uns oitenta metros da costa pol-o Leste e a dóscentos S. do embarcadeiro, nun lugar que lle din Laxe do Crego e que é un penedo que descobre na baixamar. A tradición di que antigamente a terra adiantaba aínda ben máis da laxe, e que neste lugar había un fermosísimo mosteiro que se esborrallou <cando os franceses>"*.


Leña Verde
BUEU

Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483



menos de douscentos metros ata o areal.

Hoxe a lousa atópase esquecida nun lugar oculto da Illa de Ons, entre malezas e restos de toda clase esperando ser recuperada para acadar un mellor coñecemento deste enigmático sarcófago.

Destá maneira, o sartego que xa tiña a moitos veciños desacougados por saber quenes foron os que fixeron este enterramento en terreo tan distante e de difícil acceso, veu a súa sona incrementada pola lenda que sobre a lousa se escoita de boca dos veciños sobre a súa viaxe por riba das ondas.

Da cruz que coroaba o sepulcro "*chantada na parte correspondente á testa*" non queda máis que un esvaecido tocón.

A tapa de pedra que cubría o sartego sufriu, como pode verse, serios danos nos últimos anos

Tamén xurxo Lorenzo investigador e navegante das nosas rías describe o sartego antropomorfo de Ons nun coidado traballo, froito dunha viaxe de estudos a bordo dun pailebote chamado "Xaquín Pérez" atestado de xoves estudantes alá polo ano 1.932.

"...vimos a Illa do Crego, que é un pendo apartado uns 50 metros da costa, que ten esculpido no seu curuto un sepulcro antropeide de 1'80 ms de lonxitude, rematado por unha cruz de pedra, máis moderna, chantada na parte correspondente á testa".

Hoxe en día o sartego en cuestión resiste como pode os embates continuos do mar de Ons sen ningún tratamento que o defenda das inclemencias do tempo. A tapa que cubría o sartego, desaparecida da curota do illote da Laxe do Crego nun día de treboada, foi recollida por un veciño illán na area da praia. De cómo chegou a pesada lousa á praia de Area dos Cans encargouse o maxín popular, vendo neste estraño suceso a man divina que levou, sen que sufrira dano algún, a pedra montada nas ondas por riba das rochas do illote e a traveso de non

En Cíes, atopouse outro sartego antropomorfo escavado na rocha, no interior do mosteiro de San Estevo, "*... pertencente a unha posible necrópolis medieval*", xunto con outras tumbas e numerosos esqueletos posiblemente pertencentes ós bieitos que tiñan ó seu cargo estas propiedades da Iglesia.


Hoxe en día o sartego está perfectamente estudiado e consérvase en boas condicións dentro do Centro de Interpretación da Natureza ubicado nas dependencias do antigo mosteiro.

A verdade é que se bota en falta descrições máis pormenorizadas e actualizadas, feitas por arqueólogos, destes sartegos antropomorfos radicados en Illa tan próximas no xeográfico e tan afastadas na súa situación contractual.

Pontevedra, Maio de 1.998



Montero Ríos, 207
Teléf.: 986 321 921
C.P. 36930
BUEU



Trav. Banda do río, 17
Bueu

A Lanzada

Por José Miguel Besada Fernández



José Miguel Besada

invasións Normandas e Sarracenas, arte románico, dominios clericais, pazos, caciquismo, ...

Ó longo de toda a costa, existen centros de peregrinación nos que a tradición segue viva desde tempos inmemoriais como as Romarías de San Andrés de Teixido, Nosa Señora da Barca; existen reliquias da cultura prehistórica como os castros de Baroña e Sta Tegra, paraísos naturais en Fisterra, dunas de Corrubedo, as Illas Cíes e Ons, belezas paisaxísticas desde as desembocaduras dos ríos Eo ata o Miño, miradoiros, sendeiros, flora e fauna autóctonas,...

De toda esta costa quixera destacar dun xeito especial á pequena e acantilada península de A Lanzada.

Esta sosegada, serea, bravía e maxestosa península é quizais o mellor tesouro do litoral galego; a Lanzada é unha testemuña muda de máis de vinte séculos de historia; non fala, non ten grandes monumentos, non ten museos, non ten testemuños escritas, conserva soamente pegadas de escavacións arqueolóxicas, restos dunha torre que foi fortaleza e unha pequena ermida románica, pero no seu silencio acompañado do rimo das ondas rompendo contra os cantís, o piar dos cormoráns, grous, gaivotas e demais aves mariñas que sobrevoan desde o seu refuxio da enseada de O Bao; a longa, serea e brava praia co seu amplo mar azul aberto ó Atlántico nun horizonte infinito e gardado polas Illa de Ons e Onza; as dunas do tómbolo que transforman a antiga illa de Ogrobe na actual península, fai que esta sinxela grandeza, pola súa maxestosidade, engaiole ás xentes que a visitan, que inspiran a poetas, pintores e á sabedoría popular que a inmortaliza cos seus cantos e os seus versos:

Nosa virxen da Lanzada
que altiña se foi por.
Dalle o aire, dalle o vento
dalle o mar polo arredor.

Aquí se vive a historia e se sinte ás xentes do Neolítico, os celtas, os romanos, as guerras médievais, as invasións normandas; a natureza en estado virxe con fortes e fermosos temporais así como noites sereas iluminadas pola lúa, fermosas postas de sol cara á Illa de Sálvora; todo isto fai que sexa un lugar venerado, homenaxeado na romaría autenticamente popular e multitudinaria que se celebra todos os anos no último Sábado de Agosto en honor a nosa Señora de A Lanzada na súa ermida.

BAÑO DAS NOVE ONDAS

Entre as antiquísimas tradicións de orixe pagán, posiblemente celtas, que se foron cristianizando e que perduran actualmente, está o culto ó auga polo seu poder xermolotivo e principio de saúde.

Existen en Galicia, fontes, ríos e praias que por crenzas populares teñen estes poderes para curar diversos tipos de doenzas ou males e cada unha coa súa especialidade, pero sempre acompañadas de certas cerimoniais rituais para que sexan efectivas, coincidindo en moitas delas co nove como número máxico.

A praia de Foxos que se atopa á esquerda do istmo da Lanzada, as súas augas teñen este poder milagroso segundo estas crenzas; a ela acode a muller casada para buscar fertilidade e a solteira casadeira para buscar marido.

A cerimonia das nove ondas, que recolle a tradición, citada por Hipólito De Sa, aínda se leva á práctica, segundo testemuñas das persoas máis vellas de Noalla e Allos, consiste en que a muller ofrecida debe dar nove voltas ó redor da ermida rezando en cada tres voltas un Avemaría e seguida da frase: "Nosa Señora da Lanzada polo fillo que pariches fai que quede preñada"; e despois desta cerimonia, ás doce en punto, na praia antes citada, métese na auga e conta que xustamente nove ondas lle cheguen ata o ventre da ofrecida; despois, na Romaría, que se celebra o último Sábado do mes de Agosto, levaralle a ofrenda a Nosa Señora, escoitando a misa á que se ofreceu.



R
E
S
T
A
U
R
A
N
T
E

PINAREJO

Especialidad en **PESCADOS** y **CARNES** a la **BRASA**
MARISCOS frescos y Excelente **TERNERA GALLEGA**

Contamos con un amplio comedor ideal para Bautizos,
Primeras Comuniones, Comidas de Empresa,...

Carretera de la Lanzada, Noalla. Sanxenxo - Teléf.: 986 745 670

A
S
A
D
O
R



HOTEL CON D'ARBON



EN UN MARCO INCOMPARABLE



A LANZADA

Do porto e a ría de Vigo (I)

Por José M.^a López Dóriga Aymerich
(Bibliografía cedida por Carlos Vila "Alpide")



José M.^a López Dóriga

Remata na súa memoria sobre o estado do porto de Vigo o 31 de Decembro de 1.926, o enxeñeiro director, D. Eduardo Cabello Ebrentz, coa seguinte reflexión: "Por primeira vez atópase este porto ante unha realidade satisfactoria que permitirá emprender con amplitude o seu plan de obras.

O ministerio poxou, como xa se dixo, a construción do peirao de transatlánticos, con presuposto de 11.156.694,91 pesetas e a esta seguirán outras obras. As circunstancias que neste intre me ligan ós expresados Ministro, Director Xeral e Xefe da Sección de Portos védanme todo comentario, pero seguramente, cantos lean estas liñas farán o seguinte: *Agora é que comeza, en verdade, a construción do porto de Vigo*".

Nesta memoria, que relata a marcha dos traballos nas obras do porto de Vigo durante os anos 1.911 a 1.926, expresa D. Eduardo Cabello, ademais de todos os detalles técnicos, infinidade de reflexións, estados de ánimo e a dose de impotencia e amargura que lle debía supoñer o enfrontarse a aquela administración de entón; pero tamén relata con todo tipo de detalles, unha serie de avatares que aconteceron durante o período mencionado, que merecen ser rescatados como exemplos da mala sorte, carencia de medios e improvisación, ós cales somos tan "aficionados" os españois.

Podíamos citar, entre un deles, que a pesares de que Vigo en 1.914, e segundo a estatística oficial, ocupaba o primeiro lugar en tráfico de viaxeiros e o porto non tiña peiraos de atraque, polo que o movemento realizábase por medio de embarcacións menores, pasando polas dúas únicas escadas do peirao chamado "de viaxeiros", organizándose un verdadeiro caos.

Os buques debían fondear na baía, e había días no que se reunían cinco ou seis transatlánticos que coincidían, uns na súa marcha e outros na súa chegada de América. Tamén o porto era frecuentado por aquel entón por buques de guerra, tanto en unidades soltas, como formando escuadra.

Nos días de escuadra, dábase algunha vez o caso de ver ós tripulantes chegar en número considerable e á falla de escadas para un desembarco rápido, saltaban polos botes, por enriba das varandas se a marea o permitía, ou ganaban ó asalto o peirao, con todos os caracteres dunha invasión.

Aprobada a reforma e ampliación da dársena de viaxeiros, un dos traballos fundamentais e preliminares, era o dragado de 25.000 m. cadrados de area lodosa para a limpeza da dársena e o emprazamento das novas obras de fábrica. A necesidade da antedita rapidez esixía dispoñer dunha draga con capacidade suficiente para obtela e sería preciso que o contratista

contara con este elemento, pero non foi así, e tratou de improvisar montando nunha gabarra unha grúa de "cuchara", que non satisfizo para nada a velocidade requerida, polo que adquiriu un material que existía no porto de Luarca, consistente nunha draga, dúas gabarras para transporte de pedra e un vapor.

Feita a adquisición a principios de 1.923, non puido ser traído a este porto, por dificultades de remolque, ata o mes de Xuño, con tan mala sorte, que a pesares da época e que se esperaba unha travesía feliz, a fatalidade fixo que naufragaran as catro embarcacións, que se perderon na Ría de Corme.

O patrón, José Varela, do remolcador "Puri" propiedade dos Sres. Joaquín Davila e compañía, puxo te en coñecemento do comandante de Mariña desta provincia os seguintes feitos: O día 10 saíu do porto de Luarca, ás 3 do serán, remolcando a tres gabarras e un vaporciño, con destino a Vigo.

Ás 10 da mañá do día 11 notou que unha das gabarras facía auga e de acordo coa tripulación resolveu entrar en Cedeira para reparar provisionalmente a avaría. Fíxose novamente ó mar o día 12, a altura das Illas Sisargas, entres as tres e catro do serán, levantouse un forte vento do nordeste, que obrigou a minora-la marcha.

Por mor do moito vento e da moita mar que reinaba, o vaporciño e unha das gabarras comezaron a facer auga, en cantidade tan grande que, a pesares dos esforzos feitos pola tripulación, as dúas embarcacións afundíronse.

Seguiu navegando o "Puri" coas dúas gabarras restantes, as cales comenzaron tamén a facer auga e como o tempo non tiña aspecto de mellorar, decidiron entrar no porto máis próximo, que era Corme, para ver se algo se podía salvar.

Á mesma entrada de dito porto notouse que as gabarras se somerxean axiña, polo que o remolcador aumentou rápidamente a súa velocidade para ver se podía varalas nunha praia próxima, pero todo foi en van, non houbo máis remedio que pica-los remolques e abandonalas, entón fóronse totalmente ó fondo.

Despois de todo o ocorrido, a contrata veuse precisada a dispoñer a construción dun novo material e adquirir outro, polo que non podía rematar no prazo fixado e pediu outra prórroga dun ano que lle foi concedida por Real Orde de 21 de Marzo de 1.924. Ó final, o contratista solicitou que se transferira a contrata a D. Joaquín Davila Román, cousa que foi autorizada o 1 de Agosto de 1.924.

A insuficiencia do material auxiliar impuxo ó novo contratista a precisión de adquirir o necesario, obtendo da Dirección Xeral de Aduanas a súa introducción en réxime de importación co conseguinte demora nas tramitacións, o que levou ó novo contratista á necesidade de solicitar unha nova prórroga, que lle foi concedida polo prazo dun ano por Orden de 29 de Maio de 1.925.

Todas aquelas persoas que queiran colaborar na próxima Revista cun artigo Cultural (Historia, Etnografía, Gastronomía,...), envíalos á: A. Cultural "Pineiróns", Conchases 39 - 2.º Esq. 36980 O Grove. Pontevedra.

Estamos abertos a calquera Organismo, Asociación, Peña,... que queira realizar algún tipo de actividade cultural que teña que ver cos nosos Fins. Estes, están relacionados con:
a.) Culturais - Gastronómicos en xeral. b.) A Illa de Ons. c.) Xuventude. d.) Ruta Xacobeá Marítima. e.) Ecolóxicos e Medio Ambientais.

A Pineira, ¿un recurso emergente?

Por Ricardo Arnaiz Ibarrodo

Curioso animal este. É un molusco gasterópodo, o que quere dicir que pertence ó grupo das caracolas, neste caso unha caracola máis ben chaparreta coa cuncha furada por un número variable de buratos en liña, polos que respira. Tamén se lle coñece por Orella de Mar ou Abalón.

Hai moitas especies repartidas polo mundo, pero en Galicia só vive a *Haliotis tuberculata*, nome que lle puxo o seu pai científico sen consultarllo e que non parece que lle producira ningún trauma. Acada tamaños medios de 12 cm, moito menos que os exemplares obtidos no Índico ou no Pacífico. Vive sobre as rochas principalmente a profundidades entre 0 e 20 metros, aínda que pode encontrarse ata a 400 metros. Os mergulladores que as apañan han de ter o ollo ben adestrado pois mimetízase moi ben co entorno. Durante o día permanece inmóbil mentres que de noite fai longos percorridos á procura das algas das que se alimenta. Segundo a cor distas, verde, parda ou vermello, así pode cambiar a coloración da súa cuncha. Trala súa alimentación volven ó punto de partida e acomódanse no mesmo oco onde se atopa ó comenzo da noite.


Externamente non se distinguen os machos das femias, o único que as diferencia é a cor da gónada: o ovario é verde mentres que o testículo ten un ton branco nacarado.

Que eu saiba nunca foi unha especie moi abundante nin apreciada gastronómicamente excepto para os polbos que dan boa conta delas, como saben todos os mergulladores. Eu mesmo, que non presumo de gourmet, degusteinas unhas cantas veces aínda que non fago esforzos por repetir. Recoñezo que non son moi de fiar neste sentido porque tampouco me pelexo moito

polos camaróns, e prefiro ben un bruño da ría. A partires de 1.990 empezouse a cotizar a bo prezo, mesmo a 1.400 ptas/kg. ¿Por que así, de súpeto?. Pois porque os xaponeses gustan de todo aquilo que provén do mar e como non atopan suficiente subministro nas súas costas andan a procura por todo o mundo. Diste xeito comenzou a explotación da **Pineira** en Galicia, para exportala ó Xapón. Nos primeiros anos 90 chegaronse a extraer unhas decenas de toneladas principalmente nas Rías Baixas, e mesmo a Administración regulou a pesca do que parecía ser outro recurso explotable.

Non embargantes o gozo caeu nun pozo. Entraron en danza os efectos das mareas vermellas tan frecuentes nos últimos tempos nas nosas costas, e tamén noutras moitas. As análises bioquímicas ás que se sométen rutinariamente os moluscos, detectaron que as **Pineiras**, a semellanza dos mexillóns e vieiras, acumulaban biotoxinas prexudiciais para o home. O mexillón elimina a toxina con relativa rapidez, e naturalmente, ó pouco de terminar a marea vermella, podéndo entón comercializarse sen problema. Non ocorre o mesmo coa **Pineira**. Experimentos de laboratorio confirmaron que aínda despois de tres meses en auga limpa con alimentación de algas sen toxina, as **Pineiras** mantiñan os niveis iniciais de toxinas. Para máis inri, aínda que ás vieiras tamén lles costa moito tempo eliminar as toxinas do seu corpo, as **Pineiras** acumúlanas principalmente na parte comestible: no pé. Aquí, polo tanto, non hai posibilidade de eliminar o fígado coma nas vieiras e comercializar así o produto. Hai que buscar outra maneira de procesa-lo artigo e mentres tanto as exportacións deste molusco mantéñense bloqueadas. Parece que o mucus que envolve ó pé do animal ten unha alta capacidade de acumular biotoxinas e fixéronse esforzos neste sentido par eliminalo. Os resultados non foron todo o bos que sería desexable porque este mucus é moi pouca cousa en comparanza co peso do resto do animal.

En outras especies está claro que as toxinas atopadas nos moluscos proveñen das grandes



COTOBADE, s.l.
construccions
e
restauracions

Rebordelo - Cotobade - Pontevedra. Teléf.: 986 760 124

MODA CALZADO



MODA
CALZADO


Marí Carmen Prado Pérez

VENTA AMBULANTE

Av. Alexandre Bóveda, 3 2.ª D - O GROVE (Pontevedra)
Teléf.: 986 733 504 - Móvil 649 991 039

proliferacións de microalgas que forman as mareas vermellas. Pero as **Pineiras** adultas non se alimentan destas algas tóxicas, mesmo se fixeron experimentos nos que se recubriron algas con microalgas con toxinas. As análises posteriores non deron positivo. Logo ¿de onde saen as toxinas da Pineira?. A hipótese máis aceptada actualmente é que a **Pineira**, a semellanza doutras especies, ten asociadas na súa pel microalgas ou partes delas que elaboran, para nós, molestas biotoxinas coa axuda da luz do sol. E digo para nós porque para a **Pineira** esta asociación simbiótica ha de ser con toda probabilidade moi beneficiosa ó evitar que os depredadores as ataquen. Cada quen deféndese coma pode.

Por se alguén está interesado no tema poden dicir que as biotoxinas que presenta a **Pineira** son do tipo PSP ou sexa paralizantes, e que poden ser básicamente dúas diferentes: a STX ou saxitoxina e a súa curmán de nome lixeiramente máis complicado a do STX o 11-desoxidescarbamoilsaxitoxina. ¡TELA!. Os niveis legais están establecidos en 80 microgramos de toxina por cada 100 gramos de **Pineira** (un microgramo é a millonésima parte dun gramo). A sensibilidade ó veneno é moi variable dunhas persoas a outras. Os nenos son os máis sensibles, e as mulleres máis que os homes. Ademais o efecto vese acentuado se a persoa ten o estómago baleiro ou se inxeriron bebidas alcohólicas. Por outro lado as **Pineiras** poden acadar niveis moi variables de toxina como é lóxico.



Ademais a intensidade dos efectos serán diferentes en función da cantidade ingerida. A conxunción de todos estes factores incidirán máis ou menos na gravidade dos síntomas do envelenamento.

¿E cales son eses síntomas?. Comézase con proídos ou ardor en torno á boca, lingua e cara. Progresivamente o entumecemento muscular avanza ó pescozo, brazos e pernas. Pérdese a sensibilidade pero non o sentido e faise dificultosa a fala. Tamén pode darse con dor de cabeza, debilidade, taquicardia e sequidade en boca e gorxa. Os síntomas comencan ós trinta minutos da inxestión dos moluscos. Unha intoxicación pode desembocar en parálise e mesmo a morte por fallo respiratorio. O enfermo é consciente de todo, transcorridas vintecatro horas o pronóstico é bo. Non hai secuelas.

coma tratamento inicial o mellor é provocar o vómito e despois a inxestión de grandes cantidades de auga mineral rica en sodio e potasio.

Non é cousa de broma, como pode verse, consumir **Pineiras** nin outros moluscos, sen controlar sanitariamente.



Teléf.: 986 733 369

C./ Luis A. Mestre, 2
Edif. La Torre, Entr. C

36980 O GROVE
(Pontevedra)

Restaurante - Pizzeria

María Aguiño

Especialidad en cocina típica Italiana

RISOTTO AI FRUTTI DI MARE

PENNE ALL'ASTICE

OSSI - BUCHI MILANESE

Teléf.: 986 731 187

C./ Pablo Iglesias, 26

36980 O GROVE (Pontevedra)



O Costume de "Varea-las Dornas" na Illa de Ons

Por Celestino Pardellas de Blas

A mediados do século XIX a vida dos veciños de Ons vai sufrir unha gran transformación. A instalación dunha fábrica de salgazón provocará que a agricultura, como base económica débil, quede relegada ó plano do autoconsumo e como moeda de pago da renda polas terras que traballaban (*Daquela a maioría dos habitantes da Illa de Ons pagaban a renda en productos agrícolas, millo principalmente*), pasando a pesca a ocupa-lo eixe económico illán.

O salgazón vai se-lo motivo de que nas augas illáns se realice unha forte actividade pesqueira e comercial; é máis rendible pescar e vender en Ons que ter que trasladarse dende os caladoiros ás salgazóns do Morrazo ou do Salnés.

A creación de postos de traballo na salga, o enrolado nos barcos xeiteiros que traballan a carón da Illa e a venda de produtos (peixe, polbo, marisco,...) que fan os veciños á propia fábrica e os pescadores doutros portos que acudían á Illa a vende-la sardiña, fai crece-la economía familiar e, con elo, aventurarse á compra dunha embarcación que faga máis doado e rendible o seu traballo.

A embarcación escollida foi a Dorna, xa que nela deran os seus primeiros pasos enrolados como mariñeiros (*Dornas Xeiteiras que viñan ás proximidades de Ons para a pesca e venda da sardiña*) e por ser a que mellor se axeitaba ás duras condicións mariñas que posúen as augas que abranguen a Illa de Ons.

É a partires de aquí que a Dorna se converte nun dos elementos fundamentais das familias de Ons.

A inexperiencia nas faenas pesqueiras por aquelas datas, traerá xornadas pouco productivas e ó seu carón o pensamento dun posible "meigallo" da embarcación. De aí o nacemento, entre outros costumes, de **VAREA-LAS DORNAS**.

Nunha Comunidade humana tan pechada por mor das duras condicións de vida que levaron e polo

illamento, social e administrativo, que sufriron durante dous séculos, provocou o nacemento dunha rica Cultura Popular, chea de lendas, contos, supersticións, cantigas,...; que fixeron de Ons, xunto as súas especiais peculiaridades históricas, arquitectónicas, naturais a Illa máis interesante de todo o litoral peninsular.



Celestino Pardellas de Blas

Cando por algún motivo a tripulación dunha Dorna levaba varios días sen pescar, coidaban que esta se atopaba enmeigada. Entón o patrón, que soia se-lo cabeza de familia, ía a terra e traía a unha bruxa para sacarlle o feitizo á Dorna.

Cando se ía a buscar á bruxa, coñecida como "A Varera", había que esperar a súa chegada sen bota-la Dorna á auga. Ó chegar, a familia propietaria da Dorna, tiñan que procurarlle varias cousas: Bochos (*unha clase de algas*), area da praia onde se varaba normalmente a embarcación, Malva Rosa, un dente de allo e un pote. Ela traía unhas herbas, envoltas nun pano da man, e unha vimbia.

Ás doce da noite, reuníanse na praia a Varera e os tripulantes da Dorna, non podía haber ninguén máis. No pote mesturaba tódolos compoñentes con auga do mar e despois de molla-los pés e as mans os mariñeiros, a Varera botaba por riba da Dorna a auga cos ingredientes para de contado comezar a bater nela coa vimbia á vez que berraba unha serie de frases que ninguén entendía.

Era imprescindible que os mariñeiros tamén se mollaran coa auga co fin de espanta-los malos ollos que podían ser tamén os causantes do feitizo.

CRUCEROS RIAS BAIXAS



- ✦ ISLA DE ONS
- ✦ EXCURSIONES POR LA RIA DE AROSA
- ✦ ISLA DE RUA
- ✦ RUTA XACOBEEA
- ✦ COMIDAS ABORDO
- ✦ CONGRESOS
- ✦ EXCURSION MARITIMO TERRESTRE A LA PENINSULA DEL BARBANZA

Reboredo, 76
Teléf.: 986 731 343 - Móvil 608 985 729
36988 O GROVE (Pontevedra)

INFORMACION Y RESERVAS Tlf. y Fax. 986-73 13 43

Segundo parece, non había só unha Varera. Na zona do Morrazo existían dúas polo menos, e ás outras, íanas a buscar á parte de Vigo. Unha destas, que tamén veu a Illa en varias ocasións, non empregaba os mesmos métodos nin materiais que a anterior. Só coincidían na hora, que tiña que ser ás doce da noite. Esta prefería que houbera lúa, empregaba auga bendita para bendicilo barco, facía todo o cerimonial soa e vareaba as Dornas cunha “Silva Macha” que, segundo parece, a que está presa por ámbolos dous lados.

Outro xeito que tiñan as Vareras para “Varealas Dornas” consistía en cravarlle á embarcación unhas silvas en pico, mesmo debaixo do corredor da Dorna, e despois de dicir as palabras correspondentes, empezar a vareala cunha vimbia dende a proa á popa.

A Carón deste costume de avisar á Varera, existía a de prever que o enfeitizamento ocorrera. Esta práctica realizábase en dúas datas moi sinaladas: na Noiteboa e na noite do Xan Xoan.

Pola tarde do día de Noiteboa, saían os homes a pescar para face-la caldeirada á noite. contan que traería boa sorte para todo o ano, o facer ese día unha boa pesca, pois a Dorna que non pescara ou pescaba pouco, podería atoparse xa enmeigada e tiñan que desenmeigala esa noite, senón non pescaría en todo un


ano.

Para quitarlle o meigallo tiñan que poñela quilla arriba a noite de Noiteboa e quedar así ata o día. O día seguinte, día do Nadal, levaban á Igrexa un caldeiro con auga do mar para que a bedicira o cura. Se o crego non estaba na Illa, deixaban o cubo coa auga na Igrexa ata as doce da noite.

A esa hora ían a praia e baldeiraban a Dorna coa auga bendita á vez que a refregaban coas cinzas do “PAU DE NOITEBOA” (Pau que quedaba toda a noite a arder na lareira e do que gardaban as cinzas para empregar en remedios e contra as meigas).

No día do San Xoan e despois de consumirse a fogueira, as Dornas, que durante os primeiros seis meses do ano non tiveran moita sorte na pesca, tiñan que ser refregadas coas cinzas da fogueira.

Unha das maiores perdas que os galegos temos que chorar é que os investigadores non lle dedicaran o tempo necesario á recompilación destes costumes populares que hoxe, como esta da Illa de Ons, ninguén nos pode contar, de seguro que nin os máis vellos a recordan. (*Parte da historia pertence a un traballo inédito realizado nos anos vinte*).



HOSTAL - RESTAURANTE
EL MERENDERO
Amplios salones para bodas y banquetes
**ESPECIALIDAD EN MARISCOS
DE LA RÍA**

C./ Bastarreche, 29 - Teléf.: 986 880 086 - MARÍN (Pontevedra)

